



ANEXO III

MODELO DE CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

AXUDA

Referencia: TIN2017-84453-P			
Título: Temporal Automated Reasoning for Dynamic Intelligent Systems			
CENTRO: Facultade de Informática			
OBJECTO DO CONTRATO: Técnico de apoio no proxecto			
Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: Facultade de Informática. De luns a venres de 10:00 a 14:00 horas			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador asociado ☐		Investigador en formación ☐	
Técnico de apoio á investigación ☒		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico administrativo ☐		Axudante administrativo ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☐	Tempo Parcial: ☒	
DURACIÓN	6 meses	DATA APROX. DE INICIO	16/9/2018
RETRIBUCIÓN BRUTAS : mensuais 1.341,67 € (con prorrateo extra) (custo total 10.940,48 €)			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 6140210616 541A 649.02.00			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensuralidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Grao en Enxeñaría Informática (ou equivalente)
EXPERIENCIA: Ver memoria valorada
OUTROS REQUISITOS: Ver memoria valorada

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Laboratorio 4.2, Facultade de Informática (Att. Pedro Cabalar)
PRAZO: 10 días a partir da súa publicación na sede electrónica da UDC. Lugar de publicación da resolución de concesión: tablón do Departamento de Computación (Facultade de Informática)

CRITERIOS E ÓRGANO DE SELECCIÓN

CRITERIOS: C.V., entrevista persoal, expediente académico. Elaboración de aplicacións de programación lóxica e restriccións. Inglés. Para puntuación, ver memoria valorada.
ORGANO: Investigador Principal

A Coruña, 9 de xullo de 2018

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: José Pedro Cabalar Fernández

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG*

MEMORIA VALORADA

TAREFAS A REALIZAR:

Na memoria do proxecto nacional:

"TARDIS: Temporal Automated Reasoning for Dynamic Intelligent Systems"
código TIN2017-84453-P
Programa Estatal de Fomento de la
Investigación Científica y Técnica de Excelencia,
Subprograma Estatal de Generación de Conocimiento (MINECO),

inclúense a contratación dun técnico de apoio para realizar tarefas de implementación de prototipos software con participación en diferentes graos en todas as labores do proxecto. Neste primeiro medio ano de contrato, as tarefas do técnico centraránse nos entregables (*deliverables*) previstos para o cuarto e quinto cuatrimestres de execución do proxecto (de setembro 2018 a mediados de marzo 2019) que, de acordo coa localización de entregas no cronograma, pertencen ao Paquete de Traballo (*workpackage*) WP1, "*Logical Foundations*" e son os dous seguintes:

- Na Tarefa 1.1 (*equilibrium logic*), inclúese o estudo de teorías con variables e, en concreto, o desenvolvemento de ferramentas de *grounding* (reemplazo de variables por valores ou constantes) nas que se exploten os *predicados ocultos* (aqueles que se usan como apoio técnico pero non se visualizan nas solucións). As ferramentas actuais de grounding para Answer Set Programming, ASP (o paradigma práctico baseado en equilibrium logic) expanden por completo os predicados ocultos, sen ter en conta se gran parte de esa información vai ter ou non un uso efectivo. O entregable D1.1, previsto para o fin do cuarto cuatrimestre do proxecto (aproximadamente decembro 2018), consiste precisamente na construción dunha ferramenta de grounding que explore a presenza de predicados ocultos de xeito intelixente.
- Na Tarefa 1.3 (*causal explanations*), estúdase a visualización de explicacións causais das conclusións obtidas en programas ASP, xa que en moitas ocasións, a explicación dos resultados ten tanto valor como a obtención dos mesmos. Estas explicacións obtéñense en función de etiquetas incluídas nas regras. O entregable D1.3, previsto para o quinto cuatrimestre do proxecto (aproximadamente marzo 2019), consiste na construción dun prototipo para ASP causal que proporcione xustificacións e permita condicións causais nas regras

XUSTIFICACIÓN DA DURACIÓN DO CONTRATO:

A duración para estas tarefas estímase en 6 meses cunha dedicación a tempo parcial.

REQUISITOS DOS CANDIDATOS E CRITERIOS DE SELECCIÓN:

- Obrigatorio: Grao en Enxeñaría Informática (ou titulación equivalente)

- Valoración:

- Expediente Académico título de Grao: presentarse certificación académica onde figure a cualificación media do título, que se usará de xeito ponderado ata un máximo de 1 punto.
- Máster Universitario oficial con mínimo de 60 ECTS (ou titulación equivalente). En caso de alegarse este mérito, de novo presentarse certificación académica onde figure a cualificación media do título, que se usará de xeito ponderado ata un máximo de 1 punto. As titulacións consideradas afíns a Informática ponderaranse con 100% e as non afíns con un factor de 50%. Considérase afín se o programa do título implica competencias de programación.
- Elaboración de aplicacións basadas en programación lóxica ou resolución de restricións (máx. 2 puntos). De alegar este mérito, será obrigatorio facer unha demostración da(s) aplicación(s). Máximo 1 punto por aplicación.
- Publicación científicas, se as houberse (máx. 1,5 puntos) 0'5 puntos por revista ou congreso internacional, 0'2 resto de publicacións
- inglés (nivel B2 ou superior = 1 punto).
- En caso necesario farase unha entrevista persoal (máx. 2 puntos)